

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

ANO XV

A Cruña, 1.<sup>o</sup> Septiembre 1931

Núm. 287

## AO DECORREL-OS DIAS

Quixéramos recoller hoxe n'esta páxina unha cousa concreta respeito ao porvir que á autonomía galega estalle reservado. Non é posibel facel-o porque a lentitude conque vai no Parlamento a discusión non o permite e porque ademáis esta páxina témola que escribir varios días antes da data da saída do número. Poida, se cadra, que cando se pubrique haxa xa algo concreto.

Ogallá sexa así e poidamos axiña sair de dúbidas, d'ista dúbida en que estamos mergullados dende que na Hespaña proclamouse a República na que depositamos confianza todolos autonomistas hispánicos.

Até agora as suposicións non permiten determinar nada en concreto, porque si ben é certo que por unha beira hai opinións favorabeis a unha República federal e a conceder facultades a certas rexións, por outra parte non cabe dúbida que existe unha gran hostilidade hacia o federalismo e autonomismo. Ademáis ese conceito ambiguo de federable que aparesceu agora non ten unha expresión tan crara que nos permita sentirnos moi optimistas.

Xa veremos. Ningún pode dubidar da contundente expresión de Cataluña, Vasconia e Galicia de acatar a aprobación dos seus Estatutos. Sería suicida a República se non abrira con franqueza as suas portas a esas evidentes demostracións das tres nacionalidades e d'outras que ainda non facendô tan concretamente queren tamén gozar d'un réxime autonómico.

Agardemos pois. A os nacionalistas non nos asustan as adversidades pois contra elas viñemos autuando sempre. Unha más non nos collería desprevenidos. Sería a derradeira e contra ela loitaríamos de todos xeitos e todas maneiras pois non estamos dispostos a tolerar que a República escamotee o noso preito da forma que o fixo a monarquía.

E sexa como sexa loitaremos. Nascimos na loita e estamos ben afeitos a ela. Que ninguen agarde o noso desmaio. Decepções sí pero desmáios de ningunha maneira.

Otero Pedrayo armou unha enorme polvareda cō seu discurso no banquete de Madri. Interpretacións caprichosas deron unha proporción ás suas verbas que non se axustan moito á realidade do sucedido.

As páxinas dos xornaes antigaleguistas serviron de vertedeiro para vaciar n'eles conceitos e tópicos manidos da máis ínfima categoría mental.

A interpretación exalta do dito por Otero Pedrayo obríganos a suscribir íntegras as suas verbas que fixeron mais pol-a demostración do que é a nova Galicia que tanto se ten feito para a exportación en moito tempo atrás.

Galicia quere ser libre e o novo Estado hespañol ten a obriga de lle conceder aquela liberdade. Si non o fai poden os galegos que non sinten profundamente o problema de Galicia facer o que queiran. Os nacionalistas sabemos ben cal é a actuación que nos compre si quere obligarse a Galicia a seguir como estaba.

Pasan os días e a Federación Republicana galega non autúa como corresponde e como é o seu deber na laboura de propaganda do Estatuto aprobado, nin realiza as necesarias indagacíós para que Galicia sepa como e cando debe levar ao Goberno o Estatuto.

Paresce como si unha friaxe inexplicabel ceibárese riba da súa obriga autonomista xa que ela foi a que convocou á Asamblea e do seo da federación saeu a ponencia que redactou o Estatuto.

Rogamos á Federación que se poña en movemento e non deixe perder mais tempo que xa d'abondo lévase perdido.

## OS ESTUDANTES DE GALICIA A TODOL-OS QUE AMEN A LIBERTADE

A mocidade galega non pode vivir indiferente nestes momentos en que a sorte e o porvir da nosa terra depende da constitución que ten de rexir á República española.

Precisase, pois, poñernos de novo, como o fixemos contra a abafante Dictadura monárquica, en condicíos de loitar pola libertade e dinificación da terra nosa.

Galicia quér que a sua personalidade sexa reconocida; que dentro d'unha república federal teña direito a rexir por si misma os seus particulares intereses; a preparar os seus fillos, por medio do traballo e da instrucción, para un porvir seguro e proveitoso. N-unha palabra, quere ser libre de acordo coa a sua natureza e coas leises que rexen sua vida. Quere, si, a irmandade mais cordial con todal-as rexións hispánicas, n-un mútuo recoñecemento de libertade, pero de ningunha maneira debe permitir, como hasta agora, que Galicia sea unha colonia da política centralista madrileña.

Chegou a hora de que todos loitemos pol-o noso direito. Necesario é que todol-os bos galegos axuden á mocidade estudiantil nesta nova campaña de liberación. Ningún avance pode lograrse, nin no orden político nin no social, sobre unha terra escrava. A libertade das colectividades, e ningunha mais respetabre e natural que Galicia, é fundamental para o definitivo progreso. E Galicia quer realizar o seu progreso, a que ten un lexítimo direito, logrando o recoñecimento da sua personalidade e unxiudo a sua alma no mais puro recendo da libertade, da xusticia e da sua dinificación como pobo. Nós non nos opoñemos a que á irmán Cataluña se lle conceda a sua autonomía; sentimos n-elo unha grande satisfacción. Mais

aseguramos firmemente que non ten maior direito que nós.

Reclamamos a plena autonomía de Galicia dentro de unha República federal española aberta a todal-as arelas da Xusticia; non queremos que a nosa terra deixe de ser nosa, nin que os intereses galegos sexan dixidos por xentes alleas a moitas veces enemigas nosas, n-un cunerismo intelectual que é un aldraxe e unha vergonza para os que levan na alma o noble orgullo de seren fillos da Terra Nai.

A nosa bandeira e programa está no **ESTATUTO DE GALICIA**, aprobado na Asamblea de 4 de Xunio último, na Cruña.

A poñer as forzas do noso corazón, polo de agora, no triunfo de ese Estatuto; mais adiante Galicia fará o preciso para non se someter á inxusticia.

Quen se faga xordo ao noso clamamento non é dino de vivir n-estes supremos momentos de florecimento republicano, nin tampouco é merente de ver unha patria ennoblecida pola libertade.-Galicia, agosto 1931.

*Victor Martínez Rodríguez, Abogado y Secretario de F. U. E.—Cándido Domínguez Mouso, estudiante y Tesorero de F. U. E.—Laureano Santiso Girón, Abogado y escritor.—Manuel Pérez García, estudiante.—José Sánchez Arias, Abogado.—Luis Fariña García, Médico.—José Bourio Fernández, Profesor Mercantil.—Pío García López, estudiante.—José Barja Prieto, Abogado.—Antonio Páramo Sánchez, estudiante.—Vicente García Alvarez, estudiante y vocal del Patronato Universitario.—José Otero Valcarcel, estudiante.*

## DO MOMENTO

Para os que da política temos un conceito máis elevado que a práctica usual, resulta bochornoso ollar o estado en que se atopa a política en Galicia en particular, e na España en xeneral, xa que a primeira e prodoito direito da segunda. Non realizou o Goberno a necesaria limpeza no orde político e atopámonos hoxe conque a política que se ven exercendo nos pobos pequenos é d'unha inmoralidade que non lle acae ben a un réxime do que moitos agardábamos serviría polo menos para adecantar o panorama político da nosa terra. Estamos ainda peor que antes.

Hoxe co disfraz de repubri-

canos-socialistas siguen mangoneando ao seu antoxo os mesmos homes que mangoneaban na monarquía.

A miña continua pelengriñaxe por Galicia adiante ponne ante os ollos cousas que indignan e repugnan.

E todo ante a pasividade e n'algúns casos, ainda peor, a aquiescencia das autoridades republicanas.

Todo o que se vé por ahí adiante cinguido a cousas de maior transcendencia que se ouservan na onta política nada ten de particular que se determinen en un arredamento d'ese ambiente noxento que se respira.

Eu que tiña confianza en

queao se imprantar a República non tería que ouservar o que veño ouservando, non pode negar a miña decepción e penso que os homes da República non saben ou non queren interpretar con xusteza a confianza que n'eles depositou o pobo e teñen xa falseado o espírito da República que implicitamente encerra un senso revolucionario.

E non se fixo, e canto mais tempo pase mais difícil será e menos confianza pode haber en que o troque de réxime teña a virtualidade que cabía supoñer e que agardábamos quenes pu-

xéramos n'él certa confianza.

No medio de tanta indecencia e destapamento de ambiciones e egoismos personales unha cousa ouservo que compre resaltar pol o que representa para os nacionalistas, e de satisfacción para as nosas ideas.

Que nos grupos galeguistas non se ouserva esa invasión de aproveitados que están infiltrando as filas republicanas e socialistas. Pol-o contrario, algúns, anque poucos, que se decian galeguistas fuxen de nós para buscar n'outros partidos políticos campo abonado para

o seu medro e ambiciones, unha limpeza ledicia. En troques venen a nós novos elementos de valia moral, asqueadas do que sucede n'outros campos políticos sabedores do que o galeguismo sabe conservar a decencia e pureza política que constitue o noso mais outo galardón.

A filiación nacionalista constitue hoxe un esclarecimento que nos arreda de tanta inmoralidade política.

Nunca como hoxe sentime mais orgulloso de chamar me e ser nacionalista.

VICTOR CASAS

## O ESTATUTO GALEGO

Para conocemento dos nosos leitores e para que fique na coleición de A NOSA TERRA pubricamos o Estatuto galego que será sometido a aprobación da Asamblea Constituyente. Leva xá as modificacions feitas na Asamblea histórica onde foi aprobado.

### I El Estado gallego

Artículo 1º Galicia es un Estado autónomo dentro de la República federal española.

Art. 2º El territorio del Estado gallego es el formado por las cuatro actuales provincias.

Art. 3º Puede anexionarse a Galicia todo territorio español colindante que forme o haya formado parte del territorio gallego, étnica e históricamente. Las condiciones para solicitar y alcanzar la anexión serán las acordadas por las Constituyentes españolas para todas los Estados regionales.

Art. 4º Serán lenguas oficiales del Estado gallego la gallega y la castellana, indistintamente, y obligatoria por igual la enseñanza de las dos.

Art. 5º Serán gallegos:

A) Los nacidos en territorio de Galicia.

B) Los hijos de padre o madre gallegos, aunque hayan nacido fuera de Galicia, sin perjuicio de lo que

la Constitución federal disponga.

C) Los que sin ser originariamente gallegos, hayan obtenido carta de ciudadanía gallega.

Las condiciones para la adquisición o pérdida de la ciudadanía gallega serán las señaladas por la Constitución española para todos los Estados regionales.

Art. 6º La soberanía del Estado gallego reside en la totalidad del pueblo gallego. La voluntad popular en función electoral, directa o indirecta, será la única fuente legítima de poder. Galicia declara solemnemente delito de lesa ciudadanía el ejercicio de toda autoridad que no emane del sufragio popular.

Art. 7º Los ciudadanos y las personas jurídicas de Galicia disfrutarán de todos los derechos y garantías que la Constitución de la República federal reconozca a todos los ciudadanos españoles. En todo caso, el ciudadano gallego disfrutará del derecho al trabajo y del derecho de alimentos. El derecho al trabajo implica la obligación para el Estado de facilitar, por todos los medios a su alcance, trabajo para vivir a quien

lo necesite. el derecho de alimentos implica la obligación para el Estado de dar manutención, vestido, habitación y asistencia médica a quien, sin medios propios ni familiares de subsistencia, no puedan trabajar.

Art. 8º La mujer gallega disfrutará de iguales derechos civiles y políticos que el hombre

Art. 9º Todos los ciudadanos españoles tendrán en Galicia los mismos derechos civiles y políticos que los ciudadanos gallegos, sin más excepción que los del sufragio activo y pasivo para los cargos de representación regional o local.

Todos los ciudadanos españoles podrán desempeñar los demás cargos y empleos públicos sin más exigencia especial que el conocimiento de la lengua gallega.

Los derechos y garantías de los extranjeros en Galicia serán los que marquen las Constituyentes españolas para todo el territorio federal.

Art. 10. Las garantías constitucionales de los ciudadanos gallegos nunca podrán ser suspendidas más que en caso de guerra con el extranjero.

## II

**Del gobierno de Galicia**

**Art. 11.** El gobierno de Galicia será ejercido por sus Poderes públicos, que no podrán delegarlo, transferirlo ni renunciarlo. Todos los Poderes actúan en representación del pueblo; todos son responsables; todos han de reconocer por límite infranqueable de sus atribuciones los derechos ciudadanos garantizados por la constitución y los derechos naturales ilegislables e imprescriptibles del hombre.

**Art. 12** Los poderes públicos son el Poder legislativo, el Poder ejecutivo y Poder judicial, correspondiendo a cada uno autonomía en su respectiva esfera de acción.

**Art. 13.** El Poder legislativo residirá exclusivamente en una Asamblea o Cámara única, de elección popular, por medio del voto directo secreto, en colegio único de toda Galicia y con representación proporcional.

**Art. 14** Serán electores todos los ciudadanos gallegos, hombres y mujeres, mayores de veintiún años, aun que residan fuera de Galicia. Los emigrados podrán elegir representantes en la misma proporción que los residentes en el territorio gallego.

**Art. 15** Serán elegibles todos los gallegos, hombres o mujeres, mayores de veintitrés años, que rindan una función útil a la colectividad.

Se entiende que rinden una función útil a la colectividad los que con antelación mínima de un año ejerzan de hecho industria, profesión arte u oficio.

**Art. 16.** La Cámara funcionará obligatoriamente por lo menos seis meses al año, y voluntariamente todo el tiempo que ella guzgue preciso. El Gobierno no podrá, por motivo alguno, suspender, cerrar o disolver la Cámara, cuyo mandato durará íntegro el tiempo que marque la ley. Sólo se disolverá la Cámara antes de cumplir el término de su gestión en los casos taxativos que señale su reglamento orgánico, fundados en su esterilidad funcional.

Cuando la Cámara no funcione, actuará una Diputación, integrada por miembros de aquélla, designados por ella misma, que fiscalizará la labor del Poder ejecutivo y dará luego cuenta de ello a la Cámara.

**Art. 17.** Competen a la Cámara legislativa las siguientes potestades:

A) Legislar sobre todas las materias que correspondan al Estado gallego.

B) Elegir el presidente del Poder ejecutivo, que lo será por un año, prorrogable sucesivamente hasta cuatro.

C) Aprobar mociones de descon-

fianza contra los consejeros del Poder ejecutivo, que dejarán de serlo, individual o colectivamente, cuando así lo pronuncien los dos tercios de la Cámara.

**Art. 18.** El Poder ejecutivo estará formado por un presidente, y los consejeros o ministros, designados como marque la ley.

Son sus potestades: la ejecución de los mandatos legislativos, la administración del Estado y la representación del mismo ante los demás Estados regionales y ante el Gobierno federal.

**Art. 19.** El Poder judicial será ejercido por Jurados, jueces y Tribunales con absoluta independencia de los demás poderes, tanto en su nombramiento como en su gestión.

En todas las esferas de la Administración quedarán separados el Poder ejecutivo y el Poder judicial.

Incumbe al Poder judicial, de modo exclusivo, la administración de la justicia en todas las ramas del Derecho, incluso en los asuntos contenciosoadministrativos.

También le corresponderá exclusivamente al Poder judicial resolver las cuestiones de competencia que surjan entre los Poderes del Estado.

Se establecerá en el Tribunal Supremo del Estado gallego un Tribunal constitucional, que entenderá de los recursos que se interpongan contra la inconstitucionalidad de una ley o de un reglamento por un particular corporación o asociación.

## III

**Facultades exclusivas del Poder regional y del Poder federal**

**Art. 20.** El Poder regional tendrá plena soberanía para regir los asuntos interiores de Galicia, con la excepción de aquellos reservados a la competencia exclusiva del Poder federal por el presente Estatuto.

**Art. 21.** Competen exclusivamente al poder federal las relaciones internacionales de carácter oficial y, por consiguiente:

1.º La representación diplomática y consular.

No obstante, el Estado gallego se reserva el derecho de establecer representación consular propia en los países donde el contingente de emigrados gallegos constituya un núcleo regional importante.

2.º Regular las relaciones entre la iglesia y el Estado.

3.º Tratados políticos y de comercio.

4.º Régimen de la navegación.

5.º Régimen arancelario y aduanas.

Siendo la ganadería y la pesca las

dos fuentes esenciales y permanentes de la producción gallega, el Estado gallego se reserva el derecho a la desgravación arancelaria de las materias primas necesarias a dichas industrias.

**Art. 22.** También compete exclusivamente al Poder federal la defensa del territorio y, por consiguiente:

1.º Ejército y Marina de guerra.

2.º Declaración de guerra.

3.º Tratados para la defensa de la paz.

**Art. 23.** Igualmente son de la competencia exclusiva del Poder federal los servicios de carácter general y, por consiguiente:

1.º Sistema monetario, emisión de papel moneda y medidas.

2.º Ferrocarriles y demás vías de comunicación terrestres de carácter nacional.

3.º Correos, telégrafos y teléfonos.

4.º Régimen de transportes limitado a las vías y servicios de carácter nacional.

**Art. 24.** Es también de la competencia del Poder federal definir el Derecho y regular las relaciones jurídicas de carácter general y, por consiguiente:

1.º Legislación civil. El Parlamento gallego promulgará un Apéndice de derecho civil gallego al Código civil federal.

2.º Legislación mercantil.

3.º Legislación del trabajo.

4.º Legislación penal.

Su enjuiciamiento y aplicación corresponderá al Poder judicial en los delitos que se cometan dentro de su territorio. También al Poder gallego incumbe decretar las disposiciones penales para garantizar el cumplimiento y eficacia de sus leyes.

5.º Régimen de la propiedad literaria, artística e industrial.

6.º Establecer los principios esenciales del procedimiento judicial, administrativo y gubernativo, que servirán de base a las legislaciones de los Estados regionales.

7.º Garantizar el cumplimiento de las resoluciones judiciales, y la eficacia de los documentos públicos fuera del Estado regional de origen.

8.º Resolución de contiendas entre jurisdicciones regionales.

## IV

**Facultades comunes a ambos poderes**

**Art. 25.** Serán facultades comunes al Poder federal y al Poder gallego.

1.º Los servicios de Beneficencia y Sanidad.

2.º La enseñanza en todos sus grados, salvo: a) la enseñanza pri-

maria, que dependerá absolutamente del Poder regional, en lo que respecta a las escuelas que se creen a partir de la promulgación de este Estatuto, siguiendo las que actualmente existen a cargo del Poder federal: b) la autonomía de la Universidad gallega y su galleguización; c) la dependencia exclusiva del Estado gallego de la enseñanza profesional.

Los centros gallegos de enseñanza podrán expedir toda clase de títulos, que tendrán en el resto de España la misma validez y eficacia que los expedidos por los centros del Poder federal, e igual validez y eficacia tendrán en Galicia los títulos expedidos por los centros docentes de los otros Estados regionales.

3.<sup>º</sup> Los servicios de orden público.

4.<sup>º</sup> El uso del aire para servicios de navegación y de radiocomunicación.

## V

### Medios económicos del Estado federal en Galicia

Art. 26. El Estado federal, para cubrir las necesidades de sus presupuestos, podrá obtener en el territorio gallego los siguientes medios económicos:

1.<sup>º</sup> Los ingresos, rentas y bienes de carácter patrimonial.

Pertenece al Estado gallego la propiedad plena de todos los montes públicos, el subsuelo y los inmuebles de igual naturaleza que no estuvieren adscritos a una función especialmente reservada al Poder federal.

2.<sup>º</sup> Los productos de los monopolios actuales.

El Poder federal no podrá establecer nuevos monopolios que afecten a Galicia sin previo concierto con el Poder gallego.

3.<sup>º</sup> Arbitrios y tasas por la prestación de los servicios públicos federales.

4.<sup>º</sup> Impuestos de aduanas y de transportes.

5.<sup>º</sup> Contingente regional para cubrir el déficit de los presupuestos federales.

## VI

### Medios Económicos del Estado gallego

Art. 27. El Estado gallego tendrá plena soberanía para arbitrar, exigir, recaudar y aplicar toda clase de ingresos, arbitrios, tasas y contribuciones, sin más limitación que la fijada en las siguientes normas, de riguroso cumplimiento.

1.<sup>º</sup> El Estado gallego nunca po-

drá arbitrar ingresos ni realizar gastos que no hayan sido previamente aprobados por la ley votada en la Asamblea o Cámara legislativa.

La Cámara legislativa necesariamente discutirá y aprobará dentro de cada año económico los presupuestos generales para el ejercicio siguiente, y no podrá cerrarse ni disolverse sin realizar esta labor. Si el Gobierno no presentare en tiempo el proyecto de presupuestos para su discusión en la Cámara, ésta lo iniciará automáticamente tomando como proyecto de debate el presupuesto vigente a la sazón.

2.<sup>º</sup> Los impuestos sobre las rentas de capital y sobre las herencias serán forzosamente progresivos hasta la mitad de su base.

3.<sup>º</sup> Nunca podrán obtenerse ingresos por concepto de los servicios de primera y segunda enseñanza.

4.<sup>º</sup> Los ingresos por productos, rentas o ventas de montes públicos se destinarán íntegramente a la repoblación forestal hasta que ésta sea completa.

5.<sup>º</sup> Ninguna industria, profesión, arte u oficio podrá ser gravada más que por un impuesto.

6.<sup>º</sup> Sólo podrán arbitrar recursos de carácter coactivo el Estado y los Municipios. Los demás organismos y corporaciones públicas sólo podrán arbitrar tasas por servicios efectivos que nunca excederán de su costo.

## VII

### Del régimen local

Art. 28. El Estado gallego proveerá a la organización de su régimen local por medio de ley votada en su primera legislatura con sujeción a las siguientes bases:

1.<sup>º</sup> El Municipio gozará de plena autonomía política, económica y administrativa en todos los asuntos de su vida interior.

2.<sup>º</sup> La Parroquia tendrá personalidad jurídica y plena autonomía para la administración de sus asuntos privativos. La Parroquia o comunidad de Parroquias constituirá

el Municipio aldeano, el cual será regido por una Junta parroquial, en el primer caso, o por una Junta integrada por los presidentes de las Juntas parroquiales, en el segundo.

## VIII

### Garantías para el cumplimiento de los servicios públicos

Art. 29. El Estado gallego se obliga a garantizar a todos sus funcionarios un mínimo de sueldos, y derechos activos y pasivos por lo menos iguales a los que disfrutan los funcionarios del Estado federal de la misma categoría.

Art. 30. En todos los servicios traspasados al Estado gallego éste se obliga a conservar los funcionarios actuales con los mismos sueldos y derechos activos y pasivos que disfrutan en la actualidad y puedan disfrutar en lo futuro con arreglo a sus reglamentos orgánicos, garantizando siempre el respeto a los derechos adquiridos.

Art. 31. El Estado gallego se obliga a establecer y sostener un número de centros de primera y segunda enseñanza por lo menos igual a los que sostenga el Estado federal en territorio de su exclusiva jurisdicción, proporcionales al censo escolar.

Art. 32. El Estado gallego podrá crear un Banco del Estado, afecto principalmente a las siguientes funciones: operaciones recaudatorias y de tesorería de la Hacienda pública gallega, crédito a las corporaciones y entidades públicas de Galicia y préstamos sobre valores públicos o industriales de Galicia.

Art. 33. También el Estado gallego facilitará el crédito hipotecario y el crédito agrario sobre la base de las actuales Cajas de ahorro.

## IX

### Régimen transitorio

Art. 34. El régimen transitorio será el que, con carácter general para todas las regiones, establezca el Estado federal.

## UN BANDO EN GALEGO

*Por ser o primeiro documento d'este caráter que se escribe en galego damos á publicidade o bando que o alcalde da Cruña pubrou o Día de Galicia. Cobizamos que o exemplo cunda en toda Galicia sin necesidade de agardar a que o bilingüismo sexa decretado oficialmente.*

“Cibdadans cruñeses:

Mañán é o Día de Galicia o Día en que todolos galegos de corazón e de alma poñen cheos de fe a sua alma, o seu corazón e as suas arelas nos novos destinos da Nai Terra, á

que deben ir sempre os nosos mais nobres e mais outos pensamentos. Agora, como endexamais podemos decir que os tempos foron chegados pra que Galicia, dona de si mesma, escriba no libro da sua his-

toria as páxinas inmorrentes do seu cobizado rexurdimento.

N'istes instantes verdadeiramente históricos en que estamos vivendo horas que parecen horas de eternidade, a capital galega non pode amostrarse indiferente diante da era de renacencia que se aveciña pr'o noso país.

A Cruña, baluarte da libertade, tén unha limpia e longa executoria de republicanismo e galeguismo, pois soupo manter en toda a sua enxebreira a abelencia republicana e galega como ningunha outra cibdade galega. Frente ós asoballos monárquicos que non poderán repetirse mais, pu-xo sempre que quiso a sua xurdida forza de libre cibdadánía, podente cando sabe exercitarse no contraste da vontade popular.

Esta proba de esperitoal e sinceira democracia ten que servirnos hoxe pra facer ver que seguimos sendo

os que fomos e pra amostrar que o noso pasado é exemplo do noso presente e garantía do noso porvir.

Chamados a formar, dentro do novo réxime d'unha España Republicana, Federal e grande, unha Galicia próspera digna e arelante de vivir a sua vida propia e de gobernar a si mesma, libre de estranas inxerencias pra todo o que é de seu, debemos erguer o corazón porenbriba de todal-as humanas catíveces, pra facernos merecentes dos vindeiros días que a sorte nos apara.

Como alcalde accidental coido cumplir unha obriga do cárrego, lembrándolle ós meus conveciños a asinalada data de mañán, que é o Dia consagrado ás eisal tazós galegas e a todo o que sea honrar e glorificar a Galicia e a todo galego.

Sei que os cruceiros non han mester rogos pra ratificar unha vez mais o seu amor a Galicia i-os seus vellos

ideales; e por eso estou convencido de que no Día grande de mañán, Día de festa íntima i-espiritoal, latexarán todol-os corazóns en aceso homenaxe á Nosa Terra; haberá en todol-os pensamentos un túneco pensamento de gratitudade admirativa para todol-os galegos ilustres que contribuíron a formar a conciencia galega d'estas horas solemnes; terán un afervoado recordo todol-os cibdadans que morreron con afans de libertade e que non poideron disfrutar da emozón d'estes momentos; sentirán as nosas xuventudes o espórazo do estímulo pr'a loitas do futuro, esairán de todol-as almas, mais que de todol-os beizos, un ¡Viva España Republicana e Federal! e un ¡Viva Galicia Nai'e Señora Nosa!

A Cruña, 24 de Xullo de 1931.

O voso alcalde accidental, Xoán González Rodríguez.

## FAI FALLA UN XORNAL

Queiran ou non os da Meseta, as nazonalidades ibéricas alcontranxe de cheo traballando na construcción da súa vida interior.-Os diputados van a Madrid a conquerir o refrendo d'Hespaña e sexa, como sexa falta pouco pra que Galiza teña Goberno propio pra resolver as súas necesidades i-os seus problemas: esto é unha verdade que non ademite duda.- E por eso eu quixera que xa estivéran nomeados tres ou catro Comités con autoridade bastante pra elaborar un proieuto de Constitución, a estruturazón da escolanza, o plebiscito, e hastra un comité que fóse pulsando opinions hastra chegar ao nomeamento d'un Goberno ou Consello Provisional que debe regular o plebiscito e as eleucios pro Parlamento Galego.

Pro hay unha cousa que corre moiita presa.-Fai falla un

Comité que se encargue de ver a manéira de que en Galiza haxa pronto un xornal diario totalmente composto na nosa lingua, pois ese sería o mellor espoñente do valor do noso idioma e dos seus diríitos a que sexa recoñecido con capacidade bastante pra ser a nosa lingua oficialmente nacional.- Claro que xa está demostrado pola incansable labor dos nosos homes de letras pro n-esto como entodo a espetacularidade do escaparate con que nos presentemos infruirá sempre e móito.

Esto do xornal debe tomarse cousa d'amor propio, e sobran cártoes en Galiza, e si no nos topamos en Galiza buscarémos entre os mellors galegos d-o mundo, entre os galegos d'América que estando sempre dispóstos a acudir a cántas chamadas se lle fán pro melloramento da Patria non falta-

rán e o seu concurso a unha obra tan necesaria pra que Galiza aparezca n-esta hora e-as mesmas roupaxes de gala que poidan ofrecer as demás nazioni ibéricas.

As nazóns que están conquerrindo a súa liberdade e que teñen lingua propia teñen os seus boletins diarios que pregoan a importânciada mesma. Galiza, inda non...

FERNAN COBAS

Sant-Yago, 1931

## Faiscas

Van pasando os días e a idea autonomista xurde vizosamente na conciencia do noso pobo. Son os días autuas de tal potencia emocional e sufren tales altas e baixas o rumbo da política que ainda estamos mergullados en unha incertidume de que non sabemos o resultado definitivo. Seguramente cando estas liñas sallan á lúa o horizonte amostrarase xa mais

diafano no que se refire mesmo á estructuración que terá o noso Estado repubicán que no que fai ás prerrogativas autónomas das rexións que n'esta hora decisiva teñen prantexado o seu problema particular con carraíres que demostran oraramente a soa firme vontade de acadar solución.

=

Galicia, Cataluña e Vasconia sobre das demais nacionalidades destacan virgorosamente.

Cataluña xa leva adiantado moito no seu camiño deica a solución final. Ten cumpridolos requisitos necesarios. A súa vontade está xa tan firmemente manifestada que non poderá haber maneira de falseala. De nada valerán todos cantes inconvenientes queiránse oponer, tendenciosamente, a que non prospere o seu desexo autonómico. Os cataláns poder respirar tranquilos porque o seu problema será resolto.

Cordialmente si dende Madri aceitase a expresión unánime do sentir catalán.

Como sexa, si os prexuicios e as argucias da política hespánica continúan provalecendo na política repubicán. Cataluña enteira erguese en pé e ten asegurada a súa liberdade.

=

Os vascos están tamén en verdadeira rebullición. Querese oustaculizar o seu camiño pol-o matiz dereitista que ten o nacionalismo vasco. Mais eles loitarán e imponerán a s'a vontade. Non pode confundirse unha cousa con outra. Ademais que ese carraír dos vascos é unha proba mais de que as nacionalidades ibéricas teñen problemas particulares que abonan a razón de deixar en liberdade aos pobos para que os solucionen según a súa particular maneira de pensar e de sentir.

Eu non comulgo co dereitismo dos vascos polo respeito ese carraír por unha suprema razón de respeto ás ideas alleas. E mais ainda si coa república ven ser unha realidade a liberdade de concencia.

Pero e que ademais d'este aspeito de Vasconia hai o seu problema como pobo. Por unha e outra cousa e necesario conceder aos vascos o seu rexime propio.

Pol-o ben da mesma Hespaña e da seguridade da República.

En Galicia temos xa tamén moi adiantado. Un Estatuto que non ten os inconvenientes esquerdistas de Cataluña nin os dereitistas de Vasconia. Un Estatuto ateigado de fonda democracia e nada recílosno no que fai á relación de Galicia co Estado central.

Mais de trinta diputados dispostos

a defendelos no Parlamento e a opinión verdadeira de Galicia, a que pensou sempre nos problemas galegos, a de mais valia en todolos ordes e a mocedade universitaria, en prena efervescencia.

Oubense tamén voces en contra e hai xornaes que poñen reparos de varios aspeitos pero sin consistencia ningunha, ao clamor autonomista da nosa terra.

Hai boas espranzas. De nada valeán esas protestas en contra e esas campañas tendenciosas e egoistas da Galicia aprodrecida que vai camiño da cova.

Temos de nos sentir autonomistas. Tanto si o problema noso pode acadar solución de cordialidade como si é necesario apelar á violencia e toda crás de medios para que a autonomía galega sexa unha realidade. Eu teño a seguridade de que si e preciso valerse d'eses medios o pobo galego responderá con entusiasmo na sua maior parte porque na concencia dos mais e dos millores está que Galicia necesita a autonomía e que non pode deixar pasar esta hora sin que aquela sexa un feito definitivo.

AMARO DE VILAMELLE

## FOLLAS NOVAS

### CANCIOEIRO DA AGULLA.-Armando Cotarelo

Unha longa colección de refráns e ditos populares encol dos xastres e costureiras, dos que está inzado o noso folk-lore, recollido pol-o sabio cadeirático señor Cotarelo. Intresante volume moi dino de consideración e estima porque recolle un aspeito importante da literatura popular que é onde mais axeitadamente se refrexa a existencia d'un pobo.

Editado por «Nós» fai o volume XXXVIII da súa colección. Custa dez reás.

### ARQUIVO DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS.-Volume terceiro.

Acábase de publicar o terceiro tomo dos Arquivos do Seminario d'Estudos Galegos, a patriótica entidade que tanto e tan ben anda a labourar pol-a literatura gallega.

Contén os seguintes traballos:

«El observatorio astronómico de Lalín y sus coordenadas geográficas» e «D. José Rodríguez González (o matemático de Bermés)» por Ramón M. Aller. «Contribución al estudio de los minerales de Wolframio de Galicia», por J. Parga Pondal e J. Vázquez Ganiga.

«O culto da alfádiga e dos cravos», por Alberto V. Braga.

«Impresiones de la excursión científica a la Sierra de Ancares, Invernares y Queifa» por Luis Iglesias.

«Cantigas populares da Arousa», por Fermín Bouza Brey.

«A cerámica de Niñodaguía» por Xosé Fernández e A. Dacal.

«As eirexas de Cesuris e Vidueira», e «A eirexa de San Salvador de Sobrado de Trives», por Xosé R. Fernández Oxea.

«Contribución ao estudio da historia de Galiza sobre os «Capitula Martini», por Pauliños Pedret Casado.

«As festas de San Pio V en Santiago no ano 1713», por Xosé Filgueira Valverde.

«Unhas notas inéditas de Oviedo Arce», por Alvaro de las Casas.

O sumario fala elocuentemente do intrés d'este volume ben editado por «Nós» e cuio prezo é de tres pesetas.

### TRES CONVERSAS.-Álvaro de las Casas.

O culto e traballador galeguista lanza á publicidade un tomo con tres pezas teatrais de xeito valleiniano, ateigadas de emoción e pensamento, e cuidadosamente pulidas na parte idiomática.

Do xeito de «Pancho de Rábade», que a crítica acolleu con agarimo, estas obriñas que tidua «O tolo de Lastra», «Dente de ouro» e «A Gabilla», chamamentos ao noso pobo rural a erguerse contra a tiranía que de antigo ven padecendo, deben ser acollidas e representadas pol-as nosas aldeas.

Alvaro de las Casas acrecenta a sua sona de escritor e incorpora á nosa cultura tres mostras valiosas da súa capacidade e preocupación pol-o rexurdimento da fala galega e da sua literatura.

Edición «Nós». Volume XLVI. Unha peseta.

### O DERRADEIRO AMORE.-Aurelio Ribalta.

O veterano galeguista, un pouco alonxado n'estes derradeiros tempos do moimento renascente galego, aporta agora á nosa literatura unha novela de 75 páxinas titulada: «O Derradeiro Amore». Novela de corte vello lése ben de un tirón pois millor é un conto longo. Non é do millor de Ribalta e desde logo a nosa literatura camiña hoxe por vieiros mais modernos e propios dos tempos.

Edición «Nós». Volume XLV. Duas pesetas.

### IMP. VILLUENDAS.-BETANZOS

# A NOSA TERRA

## PRECIOS DE SUSCRICIÓN

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un año 6 pesetas.  
América, un año 8 pesetas. (Pagos adiantados)

REDACIÓN E ADEMINISTRACIÓN  
Rúa Real, 36, 1º A Cruña

### Peluquería La Modernista

PROPIETARIO

Manuel Acer Suárez

Peluqueiro dos teatros Rosalia Castro e Linares Rivas, da Escola Dramática Galega e de todolos cadros de decramación da Cruña.  
Especialidade en pelucas, afeites, crepes e compretas caraterizacions para Teatro.

Para toda crás de traballos de peluquería dirixirse a

SAN ANDRÉS, 94, 1º A CRUÑA

### Cincke Hermanos

LIBRERÍA - PAPELERÍA - IMPRENTA

CANTÓN GRANDE, 21 - ESTRELLA, 37  
A CRUÑA

### FRANQUEO CONCERTADO

Sr.

### Imprenta de M. Villuendas. - Betanzos

### FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

### Banco Pastor

Antes Sobrinos de José Pastor  
Casa fundada en 1776

Capital suscrito . . . Ptas, 17.000.000  
Id. desembolsado . . . " 11.000.000  
Fondo de Reserva . . . " 6.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro, Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxía, Carballeira, Mondoñedo, Pontedeume, Vilalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Peñin, Vimianzo, Ponteareas, Chantada, Ourense, Cedeira e Ordes

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista . . . . .	2 1/2 %	anual
A tres meses . . . . .	3 %	"
A seis meses . . . . .	3 1/2 %	"
A un año . . . . .	4 %	"

#### CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

#### CONTA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

### PAULINO FREIRE

BOUZAS - VIGO

Sucursaes: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa. Aparellos armados e en panos para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado. Cables de aceiros, ingleses. Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 29

A CRUÑA

### A superioridade dos CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o procedere d'unha industria galega,

### HONRA DA NOSA REXION

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pola sua Terra.

FÁBRICA, AVENIDA DA GRANXA. - A CRUÑA

#### DESPACHOS:

Cantón Grande, 15, A CRUÑA

Real, 110, FERROL

Príncipe, 9, VIGO

### GRANDES ALMACENES DE TECIDOS

### NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONES

Immenso surtido en panos da rexión e estranxeiros. Confecionase toda crás de prendas para mulleres, homes e nenos.

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256 - A CRUÑA